

Acoso escolar

Unha mirada complexa

Manuel Armas Castro

Especialista en trastornos de conduta do Equipo de Orientación Específico da Coruña.

Un gran tsunami da violencia parece que inunda hoxe o noso vulnerable e fráxil planeta, adquirindo variadas manifestacións, entre as que se encontra a violencia entre escolares que se produce dentro e fóra dos centros educativos. As causas que determinan este fenómeno podemos atopalas en factores diversos, como a personalidade, a educación recibida, a familia, a relación entre iguais, a cultura do centro educativo, etc. Non hai que esquecer tampouco a influencia que exercen os factores demográficos e contextuais, como os medios de comunicación social.


Non obstante, os maiores agresores dos rapaces, neste momento e en todo o planeta, son os estados que fan a guerra e provocan derrubamentos económicos e sociais (Cyrulnik, B., 2002). As cifras e formas da agresión son realmente obscenas: maltrato físico e emocional, tráfico de nenos, nenos da rúa, explotación laboral, pornografía e prostitución infantil, mutilación xenital feminina, abuso sexual, etc.

Podería dicirse, logo, que a violencia entre iguais non é máis que unha das manifestacións desta sociedade violenta, suicida e fráxil na que estamos mergullados. É indubidable que a violencia entre iguais leva consigo un inmenso sufrimento entre os rapaces e as familias que a aturan. Aínda así,

cómpre manter unha mirada global e complexa ante o problema para non caer en alarmismos simplificadores. A miña experiencia como especialista en trastornos de conduta lévame a situar nun 5% a porcentaxe de rapaces que poden estar sufrindo acoso escolar. A diferenza con outros estudos, que chegan a falar dun 30% de alumnos acosados, obedece segundo o meu parecer, aos diferentes conceptos empregados para definir o problema.

En primeiro lugar é necesario clarificar ben o concepto. O fenómeno *bullying* ou intimidación defínimolo como a violencia mental ou física, mantida, desenvolvida no ámbito escolar, guiada por un individuo ou por un grupo, e dirixida contra outro individuo que non é quen de defenderse nesa situación, ante o silencio do grupo de espectadores que asiste pasivamente á agresión (Armas, M., 2005).

Intimidar, segundo o dicionario, significa causar ou infundir medo. A intimidación pode presentar varias formas: física -atacar os demais, roubar ou danar as súas pertenzas, dar empurróns, patadas, puñadas-, verbal -poñer alcuños, insultar, contestar con ton desafiante ou ameazador, subliñar de modo constante un defecto físico ou acción-, psicolóxica -accións encamiñadas a minar a autoestima e a fomentar a inseguridade e temor- e





social -pretender illar o individuo respecto ao grupo, o que se consegue difundindo rumores pexorativos e coa propia inhibición contemplativa do grupo-

Unha vez dito isto, podemos concluír que o acoso escolar xorde da interacción de catro factores:

- Unha vítima que sofre a agresión ou acoso.
- Un matón, abusón ou fachendoso intimidatorio.
- Uns espectadores pasivos que presencian a agresión sen facer nada.
- Un contexto familiar, escolar ou social que ignora ou permite a intimidación.

A intimidación provoca medo, o que favorece que o grupo se inhiba case na súa totalidade sen decatarse que é precisamente a “lei do silencio” a maior aliada dos agresores. As situacións de agresividade na aula encontran, deste xeito, apoio no grupo, que, en certa medida e co seu silencio, alimenta a situación. Adoitan producirse en locais e momentos nos que non hai adultos: no patio, nos baños, no autobús escolar, etc. Os casos de intimidación entre iguais, xeralmente tardan en descubrirse ata que se manifestan baixo formas, como a negativa de ir ao colexio sen motivo aparente.

Para abordar este problema é preciso, pois, incidir en todos estes factores cunha ollada sistémica, e ter sempre en conta que a mellor intervención é a prevención, porque sempre resulta máis efectiva cás

sancións tomadas con urxencia e de forma individual. Cómpre, polo tanto, que os centros educativos, dinamizados polos observatorios de convivencia, adopten unha serie de medidas articuladas no Plan de Convivencia Anual, como consensuar normas de convivencia entre alumnos e profesores, favorecer o traballo cooperativo entre iguais e unificar os criterios de actuación entre o profesorado. Por outra banda, hai que manter controlados e supervisados minuciosamente os escenarios preferidos para a intimidación, como patios de recreo, servizos, autobuses, etc.

Así mesmo, sería de moita utilidade aplicar cuestionarios aos grupos para avaliar o clima de convivencia e localizar posibles casos de acoso. Unha vez detectados deberían facerse entrevistas co alumno acosado e cos presuntos acosadores para delimitar a intimidación e recoller propostas de reparación do dano causado. A partir de aí, cómpre elixir estratexias integradoras para traballar co agresor, coa vítima e cos espectadores; establecer contratos de cambio de conduta para quen agride; desenvolver programas de habilidades sociais co grupo e cos implicados; formar grupos de mediación para transformar os espectadores pasivos en mediadores activos; coordinarse e colaborar coas familias e cos servizos sociais e saúde mental; establecer medidas sancionadoras, se fracasan as educativas, como poderían ser o cambio de grupo ou de centro educativo para o agresor. A medida de cambio de centro nunca se debe aplicar á vítima, pois

desa forma resultaría castigada outra vez (Armas Castro, M. e Armas Barbazán, C. e L., 2005, 2006).

Con estas estratexias de tolerancia cero coa intimidación podemos axudar os rapaces a ser “resilientes”, é dicir, capaces de se desenvolver en condicións extremadamente adversas (Cyrulnik, B., 2002). Propoño, así pois, un cambio radical de paradigma educativo, o que significa pasar dunha visión simplificador, desintegradora e destrutiva do currículo e das relacións interpersoais, a unha nova mirada máis complexa, integradora e recreadora na que o currículo e as prácticas docentes integren a educación racional, emocional e condutual.

A Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos pode ser un paso nesta dirección, tanto como área específica, como contido transversal que comece por transformar as relacións na propia aula para despois estendelas ao centro educativo, á cidade e ao planeta. Aprender a convivir debe ser unha das finalidades esenciais da educación, representa un dos principais retos para os sistemas educativos actuais e constitúe unha aprendizaxe imprescindible para a construción dunha sociedade máis democrática, máis solidaria e máis pacífica. A convivencia debe, entón, concibirse como valor proactivo e preventivo e non unicamente como unha serie de medidas que se aplican cando xa estamos inmersos en conflitos ou problemas de conduta (Armas, M., 2007).